

# Da novela ao esceario real seguindo a Costa do Solpor

**COSTA DA MORTE** Máis de medio cento de lectores e aventureiros seguiron onte as pegadas deixadas polos protagonistas da novela *Costa do Solpor*, guiados polo propio autor, o profesor, historiador e escritor vimiancés Xosé María Lema. A comitiva partiu en autobús de Vimianzo e fixo a súa primeira parada en Boallo (Berdoias) para coñecer a casa fidalga de Rodrigo de Leis. Despois

puxeron rumbo a Fisterra para contemplar desde a praia de Langosteira os “espidos peitos da muller enfesta”, e a montaña Vermella (O Pindo), e logo no porto, o poeta fisterrán Alexandre Nerium recitou uns poemas que inspiraron pasaxes da novela. A ruta continuou pola costas de Muxía, Camariñas e Camede, onde visitaron o Museo de Man antes de voltar a Vimianzo. J.M.R.



**OS AVENTUREIROS E LECTORES** fixeron unha parada na praia de Langosteira -na imaxe- para contemplar dese alí o monte Pindo, a vila e o cabo Fisterra, e outros espazos que aparecen reflexados na novela ‘Costa do Solpor’, de Xosé María Lema.

Foto: J. M. R.